


# *Guía de* BENVINDA



Benvinda do reitor

A Universidade de Vigo en cifras

Estrutura e organización do ensino universitario

Dereitos e deberes do alumnado

Participación estudiantil

Servizos de información xeral

As TIC

- Secretaría virtual
- Conta de correo
- Rede wifi
- Tarxeta universitaria intelixente e aplicativo da UVigo
- Campus Remoto
- Plataforma de teledocencia Moovi
- Sede electrónica
- Office 365

Biblioteca

Bolsas, axudas e premios

Programas de mobilidade

Atención á diversidade

Igualdade

Vive a Universidade de Vigo!

- Actividades culturais
- Benestar, saúde e deporte
- Voluntariado
- Asociacionismo

Suma competencias coa UVigo

- e-Destrezas
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Escola Aberta de Formación Permanente
- Emprego e emprendemento

Vivir no campus

- Comedores, aloxamento, transporte e mapas dos campus

Para estares ao día...

- Calendario académico, portal de avisos, taboleiro de convocatorias, normativa, protección de datos, seguros, centro médico e servizo de emerxencias



## *Benvida do reitor*

Prezado alumnado:


Comezades unha nova etapa das vosas vidas xunto á Universidade de Vigo. Deixades nas nosas mans a vosa formación superior e por iso quero agradecervos a confianza.

Na Universidade de Vigo traballamos decontino para que cumprades as vosas expectativas e queremos ser unha guía para o futuro ao longo da carreira académica e profesional.

Espero que avancedes cara ao voso proxecto de vida con esforzo e con honestidade, coa certeza de que na Universidade de Vigo sempre atoparedes o apoio necesario para acadar as vosas metas.

Manuel Reigosa Roger





## *A Universidade de Vigo en cifras*

A Universidade de Vigo nace como institución independente en 1990. Dende o ano 2013 estamos entre as 100 mellores universidades do mundo de menos de 50 anos, segundo o Times Higher Education Ranking, a clasificación de Shanghai sitúanos entre as 500 mellores universidades en 12 categorías e segundo o CWUR estamos no 4% top do mundo. Somos unha institución forte e sólida con tres campus especializados:

- Ourense, o Campus da Auga
  - Pontevedra, o Campus CREA
  - Vigo, o Campus de Vigo Tecnolóxico
- 
- 638 persoal investigador
  - 818 persoas de administración e servizos
  - 56 titulacións oficiais de grao
  - 11 titulacións oficiais de PCEO
  - 67 titulacións de mestrado
  - 44 programas de doutoramento
  - 200 títulos propios
  - 22 centros universitarios propios
  - 7 centros adscritos
  - 10 centros de investigación
  - 140 áreas de coñecemento
  - Máis de 20 000 persoas matriculadas



## *Estructura e organización do ensino universitario*

O espazo europeo de educación superior garante que todos os títulos sexan válidos e comparables nos 49 países que o integran.

As modalidades oficiais de estudo son:

- **Grao:** 240 créditos ECTS (4 cursos académicos de 60 créditos).
- **Mestrado:** entre 60 e 120 créditos ECTS (un ou dous cursos).
- **Doutoramento:** orientado á carreira investigadora, remata coa realización da tese de doutoramento.

As titulacións de grao están enmarcadas dentro destas ramas de coñecemento:

- Artes e humanidades
- Ciencias
- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas
- Enxeñaría e arquitectura

## *Dereitos e deberes do alumnado*

O **Estatuto do estudante universitario**, aprobado por real decreto é o documento legal no que se recoñecen os dereitos e deberes do alumnado das universidades españolas.

O **Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo** concreta os límites e as garantías do devandito catálogo básico de dereitos e deberes.

A **Valedoría Universitaria** é o órgano encargado de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios.

Ademais, a universidade dispón do **sistema de QSP** (queixas, suxestións e parabéns), para facer chegarlle á universidade a satisfacción ou insatisfacción sobre os servizos prestados.

Máis información

Valedoría Universitaria  
Edificio Filomena Dato, 2.º andar  
As Lagoas, Marcosende 36310, Vigo  
+34 986 813 830  
secvaledora@uvigo.gal





## *Participación estudiantil*

Todo o estudiantado da Universidade de Vigo, elixido mediante os diferentes procesos electorais, ten dereito a participar nos órganos de goberno universitarios:

- Claustro
- Consello Social
- Consello de Goberno
- Consello de Campus
- Xunta de Centro
- Xunta de Titulación
- Consello de Departamento
- Tribunal de Garantías
- Comisión de Calidade do Centro
- Consello de Estudiantes Universitario do Estado

Ademais, en cada centro da Universidade de Vigo, o estudiantado poderá crear *delegacións de estudantes*. Se queres participar, contacta coa delegación de estudantes do teu centro.

Máis información

Secretaría Xeral  
Edificio Ernestina Otero  
As Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo  
+34 986 813 618  
segb1@uvigo.gal

## *Servizos de información xeral*

**Sección de Información ao Estudante (SIE):**  
infórmate e asesórate sobre todo o relativo ao proceso de acceso e admisión á vida universitaria.

Edificio Redeiras  
Praza do Berbés, núm. 11  
36202 Vigo  
+34 986 813 630 | 986 813 755  
sie@uvigo.gal

**Servizo de Xestión de Estudos de Grao:**  
a súa función é xestionar a matrícula e os expedientes do estudiantado dos estudos de grao.

Edificio Exeria  
As Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo  
+34 986 813 607 | 986 813 609  
soporte.grao@uvigo.gal

**Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao:**  
ten como función as tarefas administrativas relacionadas cos estudos de posgrao.

Edificio Filomena Dato  
As Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo  
+34 986 811 950  
posgrao@uvigo.gal





### Áreas académicas (grao e posgrao):

cada centro/escola dispón das súas e a elas deberás dirixirte para resolver as dúbidas que teñas relacionadas co teu expediente académico (matrícula, título, recoñecementos...)

### Servizo de Xestión da Extensión Universitaria:

xestiona e promociona determinada formación extracurricular e actividades relacionadas coa cultura, co benestar, coa participación e coa diversidade.

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 813 626

extension@uvigo.gal

Nos campus de Ourense e de Pontevedra terás a información sobre a extensión universitaria nas áreas de servizos á comunidade.

Campus de Ourense

+34 988 387 102 / 988 387 089

asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra

+34 986 801 949 / 986 801 955

asc-po@uvigo.gal





## *As TIC*

Como estudante tes dereito a empregar os **servizos** informáticos que a UVigo pon á túa disposición a través de internet:

- Secretaría virtual
- Conta de correo electrónico
- Rede wifi
- Tarxeta universitaria intelixente e aplicación da UVigo
- Campus Remoto
- Plataforma de teledocencia Moovi
- Sede electrónica
- Office 365

Podes autenticarte como alumna ou alumno da UVigo e acceder á maioría destes servizos dixitais de tres maneiras:

- Cos datos de acceso á secretaría virtual (DNI + NIU + contrasinal)
- Mediante o enderezo electrónico e a clave da conta de correo institucional da UVigo
- Co DNI-e ou cun certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre (FNMT)

Máis Información  
Servizos Informáticos ATIC  
Edificio Exeria  
As Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo  
+34 986 811 956  
[direccion.atic@uvigo.gal](mailto:direccion.atic@uvigo.gal)



## Secretaría virtual


É a porta a un bo número de servizos dixitais que podes tramitar a través de internet, como modificar a túa matrícula, solicitar bolsas, consultar o expediente académico, pagar taxas etc.

Unha vez que completes o proceso de automatrícula, créase automaticamente a conta de usuario/a que che dá acceso a estes servizos.

Para coñecela deberás acceder á **secretaría virtual**. A primeira vez que entres tes que recuperar os teus datos de acceso. Para iso:

- Indica o enderezo de correo co que te matriculaches (@gmail, @hotmail...).
- Tras obter automaticamente o teu NIU (número de identificación universitaria), establece un contrasinal de acceso.

No caso de que non se atope o teu enderezo de correo electrónico, proba a darte de alta manualmente.



## *Conta de correo*

A conta de correo que terás como estudante (@alumnos.uvigo) valerá tamén para identificarte como membro da Universidade de Vigo, tanto nos servizos internos coma externos a ela.

Esta conta créase de forma automática. Para coñecela segue estes pasos:

1. Accede ao [correoweb](#)
2. Identifícate no menú da dereita cos teus datos de acceso á secretaría virtual (DNI + NIU + contrasinal).
3. Comproba cal é o teu correo e establece un contrasinal.

Dende ese momento xa poderás acceder ao teu correo institucional e identificarte co enderezo electrónico e a túa clave en todos os servizos dixitais da Universidade de Vigo.




## Rede wifi

A Universidade de Vigo ofrece unha conexión sen fíos en todos os seus centros.

Cando te conectes terás dispoñibles dúas redes:

- Alumnado: para empregala deberás identificarte coa túa conta de correo @alumnos.uvigo.es e co contrasinal.
- Eduroam: é a opción recomendada se queres usar unha conexión segura e dispoñible en moitos centros do mundo. Para conectarse:

1. Accede á plataforma **EDUROAM-CAT**
2. Selecciona como institución a UVigo e descarga o soporte lóxico para o noso sistema operativo.
3. Identifícate coa túa conta de correo @alumnos.uvigo.es e co contrasinal.



### *Tarxeta universitaria intelixente e aplicativo da UVigo*

A **tarxeta universitaria intelixente (TUI)** acredítate como membro da comunidade universitaria da UVigo e permíteche obter libros na biblioteca ou acceder a recintos restrinxidos.

Para obtela, achégate a unha das oficinas do Banco Santander existentes nos campus. Alí tomaranche unha fotografía e nuns minutos entregaranche a túa TUI.

Unha vez que teñas a túa conta de usuario/a na secretaría virtual, poderás descargar a aplicación AppCRUE. Pódese descargar nos teléfonos dos sistemas **Android** ou **IOS**. Instálala e terás toda a actualidade da UVigo e tamén a TUI no teu móbil.



## *Campus Remoto*

A Universidade de Vigo está preparada para todas as modalidades de docencia: presencial, mixta ou a distancia.

Campus Remoto é un espazo de reunión en liña onde dar clase, realizar titorías, facer videoconferencias individuais ou en grupo, con vídeo, audio, encerado e pantalla compartida, chat e gravacións.

Accede ao [Campus Remoto](#)

Non é necesaria ningunha instalación ou ningún tipo de dispositivo concreto (pode empregarse con calquera: tableta, ordenador...); só hai que ter un navegador web actualizado (Chrome, Firefox, Edge ou Safari).

O estudiantado non precisa solicitar o acceso. O profesorado achegaralle a URL e o contrasinal da aula ou do despacho virtual correspondente.



### *Plataforma de teledocencia Moovi*

Moovi é a plataforma de teleformación da UVigo. Dentro dela, na túa área persoal, aparecen os títulos das materias nas que estás matriculado e toda a información sobre elas: profesorado, planificación, documentación, calendario, foros e avisos, avaliación, subir tarefas etc.

Accede a [Moovi](#)

A primeira vez que accedas deberás usar a función «Esqueceu o seu nome de usuario/a ou o contrasinal?» para establecer un contrasinal de acceso á plataforma. Hai dúas opcións para facer a busca:

- a) Polo teu nome de usuario/a (que é o teu documento de identidade, con letra pero sen espazos, puntos ou guións).
- b) Polo teu enderezo electrónico (aquel que teñas configurado por defecto na secretaría).

Recibirás un correo electrónico coas instrucións para establecer un novo contrasinal de acceso.





### *Sede electrónica*

É o punto de acceso aos trámites académicos realizados de forma electrónica.

Accede á [Sede electrónica](#)

Unha vez dentro:

1. Escolle o procedemento ou trámite que queres realizar.
2. Inicia a tramitación.
3. Acepta os termos e as condicións de privacidade.
4. Identifícate mediante algunha das seguintes opcións: certificado electrónico FNMT ([guía para obtelo](#)) ou DNI dixital, PIN ou clave permanente.



## Office 365

Como estudante da UVigo podes empregar as aplicacións e os servizos de **Office 365**:

- Office na nube e para PC: Word, Excel, Power Point
- Disco duro na nube: OneDrive
- Videoconferencia: Teams
- Notas e colaboración: Sharepoint, OneNote

Para acceder a eles tes dúas opcións:

- a. A máis sinxela é identificarte na secretaría virtual mediante o acceso centralizado. Unha vez dentro, chegará con que premas na icona de Office365 situada na barra de accesos directos e xa non te terás que volver identificar.
- b. Tamén podes acceder conectándote cun navegador e identificándote logo coas túas credenciais de UVigo: conta de correo rematada en .gal.

Nos casos nos que Microsoft dispoña de aplicación de escritorio para ese servizo (OneDrive, Teams etc.), poderás **descargala e instalala** no teu PC.

## *Biblioteca*

O noso obxectivo é que a biblioteca sexa para ti un lugar onde «aprender a aprender», unha extensión da clase onde atopas todo tipo de recursos de información, espazos de estudo e traballo, equipamentos axeitados, ademais de formación e asesoramento no uso e na xestión da información.

Xestionamos e poñemos á túa disposición un amplo conxunto de recursos de información **impresos e dixitais** como apoio ás túas actividades de aprendizaxe.

Ademais ofrecemos unha serie de **servizos e instalacións** para facilitarche o emprego deses recursos, así como as tarefas de aprendizaxe, docencia e investigación.

Estamos presentes fisicamente nos tres campus a través dunha **rede de once bibliotecas**, e virtualmente na **web da biblioteca**.

Na **Guía para alumnado de novo ingreso** tes toda a información para dar os teus primeiros pasos connosco.

Agardámoste!

Máis información  
Biblioteca Universitaria de Vigo  
+34 986 813 843  
referencia@uvigo.gal





## *Bolsas, axudas e premios*

O **Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos** da Universidade de Vigo xestiona as bolsas de carácter xeral convocadas polo MECD e colabora coa Xunta de Galicia na xestión das súas convocatorias.

Ademais a UVigo ten un programa propio de bolsas, axudas e premios dirixido ao alumnado de grao, mestrado e doutoramento:

- Bolsas de estudo
- Bolsas de inclusión
- Bolsas de formación
- Bolsas de mobilidade
- Premios

Coñece o **calendario** previsto de xestión e atopa a túa convocatoria de bolsas no noso **buscador**.

Máis información

Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Edificio Exeria

As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 813 611

bolsas@uvigo.gal

## Programas de mobilidade

A **ORI**, Oficina de Relacións Internacionais, informa, asesora e xestiona os diferentes programas de mobilidade da comunidade universitaria.

O estudantado da Universidade de Vigo poderá participar nas diversas convocatorias de mobilidade publicadas ao longo do curso:

- SICUE: Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España
- Erasmus+: permite cursar estudos en universidades europeas Erasmus+ prácticas: prácticas relacionadas coa súa titulación en empresas e en institucións europeas.
- ISEP. +: permite cursar estudos en universidades americanas
- GE4: intercambio de estudantes no ámbito da enxeñaría
- Outros programas: libre mobilidade, Vulcanus....

Máis información

Oficina de Relacións Internacionais

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 811 947

ori@uvigo.gal





## *Atención á diversidade*

A Universidade de Vigo conta co Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE), que ten por obxecto apoiar o estudiantado con algún tipo de necesidade ou trastorno de aprendizaxe legalmente recoñecido. A través do programa poderás recibir:

- Atención, acollida e asesoramento pola UNATEN (unidade de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo)
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...)
- Acompañamento en actividades diversas por persoal voluntario da UVigo
- Acceso ao Gabinete Psicopedagóxico.
- Axuda e orientación polo responsable PIUNE de teu centro

Para formar parte do programa PIUNE só tes que cubrir este **impreso** e remitilo a [diversidade@uvigo.gal](mailto:diversidade@uvigo.gal).

Máis información

Campus de Vigo

+34 986 813 626

[diversidade@uvigo.gal](mailto:diversidade@uvigo.gal)

Campus de Ourense

+34 988 387 102

[asc-ou@uvigo.gal](mailto:asc-ou@uvigo.gal)

Campus de Pontevedra

+34 986 801 949

[asc-po@uvigo.gal](mailto:asc-po@uvigo.gal)

## *Igualdade*

A Universidade de Vigo é un espazo libre de violencias machistas e ten como prioridade, en liña coa Axenda 2030, favorecer a cultura do respecto, da igualdade e da inclusión, garantindo que todas as persoas que conforman a nosa comunidade poidan desenvolver a súa actividade académica e laboral con dignidade e nun espazo libre de violencias de xénero e de máximo respecto dos dereitos humanos.

**Consulta** as nosas políticas e plans de igualdade, os protocolos de actuación (contra o acoso sexual e por razón de sexo, cambio de nome) e o noso boletín e recursos.

Tamén podes acceder ao noso itinerario virtual de **formación en xénero** que é de balde para o alumnado e que ten recoñecemento de ECTS.

Máis información  
Unidade de Igualdade  
+34 986 813 419  
igualdade@uvigo.gal





## *Vive a Universidade de Vigo!*

Estudares na UVigo non é só ir á clase e facer exames. Aconsellámoste que goces da ampla oferta de actividades que poñemos á túa disposición:

- Actividades culturais
- Benestar, saúde e deporte
- Voluntariado e Cooperación
- Asociacionismo

Máis información

Servizo de Extensión Universitaria

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 813 626

[extension@uvigo.gal](mailto:extension@uvigo.gal)





### *Actividades culturais*

- Ofertamos moitos e variados obradoiros e cursos para que sumes habilidades e destrezas ao teu currículo.
- Convocamos premios culturais de pintura, fotografía, música e creación audiovisual.
- Programamos actuacións teatrais, ciclos de cinema (Semana de Cine Submarino, Cine Lingua...), espectáculos de rúa...
- Contamos cun programa musical que lle achega ao alumnado propostas de diversos estilos musicais e tamén poñe a disposición un local de ensaio para o estudantado.

### *Máis información*



### *Benestar, saúde e deporte*

Queres formar parte do movemento Mover? Unha persoa Mover é activa, fai deporte, ten hábitos saudables, quere mellorar, sabe como traballar en equipo e busca a felicidade todos os días. Coñece que é ser **mUVer**.

Podes participar en moitas actividades e programas deseñados para o benestar e a diversión (bádminton, ioga, atletismo, artes marciais, escalada, rutas culturais de sendeirismo, xadrez, surf, zumba, rutas en caiac...)

Se amas o deporte de competición, podes participar nas ligas e nos torneos internos, no deporte federado, nos campionatos galegos universitarios, nos xogos deportivos galaico-durienses ou nos campionatos de España universitarios.

En cada un dos nosos campus podes atopar espazos deportivos para desenvolver a actividade física que máis che gusta, ademais de contar cun amplo abano de centros deportivos colaboradores.

Es **deportista de elite**? Rexístrate e aproveita todas as vantaxes ás que tes dereito.

**Máis información**



## *Voluntariado*

Segundo as túas inquedanzas, contamos nos tres campus cun programa de voluntariado que permite destinar parte do teu tempo á acción solidaria. Esta acción, totalmente altruísta, pódese canalizar a través dunha variedade de ámbitos de actuación para darlles resposta ás necesidades, problemas e intereses sociais que presentan determinados colectivos da nosa contorna máis próxima.

Para facer voluntariado tes que:

- Elixir o **proxecto** ou o programa no que queres incorporararte.
- Poñerte en contacto coa entidade colaboradora ou co servizo ou coa área da Universidade de Vigo onde queres incorporararte para coñecer o horario, o lugar e todo o que necesites saber.
- Unha vez que tes claro a túa incorporación nunha acción de voluntariado, inscribirte.

## *Máis información*



## *Asociacionismo*

A Universidade de Vigo recoñece o dereito do alumnado a asociarse libremente no ámbito universitario.

Na actualidade existen **asociacións de estudantes** coas que poderás colaborar: Foro Tecnolóxico de Emprego, Debate Universitario, UVigo Aerotech, UVigo Motorsport, Rede de Alumnado de Intercambio, UVigo SpaceLab...

Tamén poderás **crear** a túa propia asociación: para iso a universidade dispón dun servizo de apoio para asesorarte nos aspectos legais e burocráticos; ademais existen convocatorias de axudas ou de recursos para as asociacións.

**Máis información**

## *Suma competencias coa UVigo*

Recomendámosche que aproveites os recursos e ferramentas ofrecidas pola UVigo para formarte e adquirir competencias transversais (lingüísticas, dixitais, sociais, de empregabilidade...), que favorecerán o teu desenvolvemento persoal e profesional. Enriquecerás así o teu perfil e faralo máis atractivo.

### *e-Destrezas*

e-Destrezas é un programa formativo cuxo obxectivo é facilitar o desenvolvemento e a mellora das competencias dixitais do estudiantado.

Ao longo do curso gozarás de cursos gratuítos de Excell, Word, Autocad, Arduino, Access, Photoshop, Matlab, Wordpress e moitos máis.

[Máis información](#)

### *Centro de Linguas*

O Centro de Linguas ofrece cursos de todos os niveis de inglés, alemán, portugués, chinés, francés, italiano, persa, xaponés e español como lingua estranxeira (ELE).

Tamén permite obter a acreditación de nivel, tanto dos cursos propios como de ACLES, Cambridge Assessment English, DELE (Instituto Cervantes), ETS TOEFL, HSK (Aula Confucio)...

[Máis información](#)



## Área de Normalización Lingüística

Esta área desenvolve accións destinadas a mellorar e incrementar o uso da lingua galega e a dotala de prestixio en todos os ámbitos tendo en conta as necesidades do alumnado.

Ao longo do ano ofrece cursos de formación en lingua galega:

- Iniciación á lingua galega,
- Calidade lingüística no teu TFG ou TFM,
- Avanza co galego,
- Linguaxe administrativa e xurídica,
- Erros máis frecuentes na lingua galega,
- Corrección da escrita coas TIC e moitos máis.

Máis información



## *Escola Aberta de Formación Permanente*

A Escola Aberta de Formación Permanente centraliza os títulos propios da Universidade de Vigo, xestionando unha oferta de ensinanzas propias, asociadas ás necesidades e ás demandas da sociedade e da contorna.

Deseña programas educativos a medida, que melloren a empregabilidade, a reciclaxe e a promoción profesional das persoas traballadoras, e xera convenios de formación con empresas e con institucións externas:

- Títulos propios de especialización
- Cursos de reciclaxe profesional
- Formación a medida
- Innovación educativa
- Programa universitario sénior
- Programas inclusivos

[Máis información](#)



## Emprego e emprendemento

A Área de Emprego e Emprendemento organiza programas formativos gratuítos para facilitar a inserción laboral dos e das estudantes:

- Servizo de Orientación Laboral: para analizar o mercado laboral e definir teu perfil profesional.
- EMPREGarte: é un curso modular constituído por cinco obradoiros de busca activa de emprego.
- Career Center: plataforma en liña de difusión de ofertas de emprego exclusivas para os membros da comunidade universitaria.
- EmpregoinCampus: feira internacional de emprego para pór en contacto a persoas tituladas e o estudiantado do último curso con empresas que estean buscando talento na Universidade de Vigo.
- Programa INCUVI: tres programas de incubación de ideas de negocio en función do grao de desenvolvemento de iniciativas emprendedoras.
- SUCEDE: Servizo Universitario de Creación de Empresas do Estudiantado se tes interese en contar co apoio de profesionais externos que te orienten nas túas ideas emprendedoras.
- Prácticas académicas externas: Área de Emprego e Emprendemento xestiona e promove convenios onde realizar as túas prácticas en empresa.

Máis Información







## *Vivir no campus*

### *Comedores*

Os tres campus da UVigo dispoñen de cafeterías e comedores con tarifas axustadas para a comunidade universitaria.


### *Aloxamento*

Cada campus oferta diferentes tipos de aloxamento, dende residencias (propias, concertadas e alleas) ata un campus residencial (en Baiona) xunto a establecementos con prezos especiais e dispostos a acoller a estudantes (hoteis, hostais...).

### *Transporte*

Podes desprazarte aos campus en autobús (hai liñas urbanas e interurbanas, dependendo do lugar dende onde accedas). Se o fas en coche, podes apuntarte á iniciativa **Hoop Carpool**, para compartilo e contribuír á sostibilidade e a preservar o medio ambiente.

## Campus de Vigo



As Lagoas  
Marcosende

- 1. Complexo deportivo
- 2. Residencia universitaria
- 3. Edificio Exeria
- 4. Edificio Miralles/Consello Social
- 5. Cidade Universitaria
- 6. Edificio Ernestina Otero
- 7. Edificio Filomena Dato
- 8. Biblioteca central
- 9. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

- 10. Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
- 11. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- 12. Escola de Enxeñaría Industrial
- 13. Edificio Fundación
- 14. Facultade de Ciencias do Mar
- 15. Facultade de Bioloxía
- 16. Facultade de Química
- 17. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- 18. Facultade de Filoloxía e Tradución

- 19. MTI
- 20. Edificio CACTI-CINBIO, Dra. Olimpia Valencia

### Campus cidade


- 21. Facultade de Comercio
- 22. Escola de Enxeñaría Industrial
- 23. Centro de Investigación Mariña (Illa de Toralla)
- 24. Edificio Redeiras (O Berbés)

### Cidade

- Centros adscritos
- Escola Universitaria de Enfermaría (Meixoeiro)
  - Escola Universitaria de Enfermaría (Povisa)
  - Escola Universitaria de Profesorado de EXB María Sedes Sapientiae
  - Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)



## Campus de Ourense



- 1. Escola infantil Concepción Saiz Otero
- 2. Edificio Xurídico-Empresarial:  
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo  
Facultade de Dereito  
Facultade de Relacións Internacionais
- 3. Edificio Campus da Auga
- 4. Biblioteca Central Rosalía de Castro
- 5. Piscina universitaria
- 6. Polideportivo universitario  
Pista de atletismo/Campo de rugby


- 7. Residencia universitaria As Burgas
- 8. Edificio Politécnico:  
Facultade de Ciencias  
Escola Superior de Enxeñaría Informática
- 9. Edificio de Facultades:  
Facultade de Educación e Tráballo Social  
Facultade de Historia
- 10. Pavillón Manuel Martínez-Risco:  
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

- 11. Pavillón Olga Gallego Domínguez:  
Facultade de Ciencias da Educación  
Facultade de Historia
- 12. Pavillón Concepción Ramón Amat:  
Facultade de Ciencias da Educación e Tráballo Social  
Facultade de Historia
- 13. Servizos administrativos
- 14. Pavillón da asociación de estudantes

Centros adscritos  
- Escola Universitaria de Enfermaría



## Campus de Pontevedra



- |  |   |
|--|---|
| 1. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte | 9. Facultade de Deseño                    |
| 2. Facultade de Fisioterapia                       | Centros adscritos                         |
| 3. Facultade de Comunicación                       | - Escola Universitaria de Enfermaría      |
| 4. Facultade de Dirección e Xestión Pública        | - Centro Universitario da Defensa (Marín) |
| 5. Escola de Enxenería Forestal                    |   |
| 6. Biblioteca Central                              |   |
| 7. Vicerreitoría do Campus de Pontevedra           |   |
| 8. Facultade de Belas Artes                        |   |



## *Para estares ao día*

### *Calendario académico*

Para que saibas cales son os períodos lectivos, os días de festa e poidas organizarte.

### *Portal de avisos*

Para ter información de toda a actividade e actualidade da UVigo.

### *Taboleiro de convocatorias*

Coñece as axudas, cursos, concursos...

### *Arquivo de normativa*

Repositorio da UVigo no que podes consultar todas as normativas vixentes sobre calquera materia universitaria.

### *Protección de datos*

Coñece a política de privacidade da UVigo, como se tratan os teus datos, con que finalidade, cales son os teus dereitos...

### *Seguros*

Por estar matriculado/a na UVigo contarás co seguro escolar para asistencia sanitaria e un seguro de accidente.

### *Centro médico*

O campus de Vigo dispón dun servizo de saúde onde se atende calquera urxencia médica que poida ter un membro da comunidade universitaria.

### *Servizo de emerxencias*

O 112 é o número único que serve para informar de calquera situación de urxencia na Unión Europea, aínda cando estas de Erasmus (atención en galego, castelán e outros 80 idiomas). Trátase dun número gratuito, dispoñible as 24 horas dos 365 días do ano. Desde a plataforma tecnolóxica do 112, requírese a asistencia inmediata das Forzas de Seguridade, de Urxencias Sanitarias, de Bombeiros, da Protección Civil ou daqueles outros organismos competentes para dar a resposta axeitada á situación de emerxencia.





